

NORMATIVA SPEED & STYLE MORRASOUND 2019

1. INSCRICIÓNS E NÚMERO DE PARTICIPANTES.

Os requisitos para inscribirse nesta proba son os seguintes: (é obrigatoria unha das seguintes opcións)

- Ter a licencia oficial da UCI.
- Ter algún seguro privado contratado que cubra os posibles danos que poidese sufrir o participante nunha carreira destas características.

O número de participantes máximo será de 50 persoas.

O prazo de inscrición comezará o luns 22 de Abril e rematará o venres 5 de xullo de 2019, agás que se complete con anterioridade o número máximo de participantes.

Os interesados en participar deberán encher o formulario adxunto a estas bases e facer o pagamento de 15 € en concepto de inscrición na conta de **Abanca nº ES49 2080 5102 96 3040007281** facendo constar na mesma o seu nome e o concepto do pagamento. O formulario e o xustificante de pago serán presentados o día da competición para que sexan cotexados pola organización do evento.

2. CATEGORIAS.

Esta proba farase con categoría ÚNICA. Contará con dúas mangas clasificatorias e outras dúas mangas para a final (10 primeiros corredores)

3. DESCRICIÓN DA PROBA.

A competición do Morrasound Speed&Style consistirá nun circuío tipo “pumptrack” en baixada, e un salto dobre tipo “dirtjump” na meta.

A proba consistirá en facer a baixada do circuío cronometrada, (o crono rematará xusto antes do salto de meta) e poderá rebaixarse o tempo facendo un truco no salto de dirtjump. En función da complexidade do truco, premiarase con máis ou menos rebaixa de tempo.

A execución da proba levarase a cabo mediante unha clasificatoria, onde os riders teñen dúas mangas para facer o seu mellor tempo; e unha final á que pasarán os 15 mellores corredores.

Finalmente, estes 15 corredores terán outras dúas mangas nas que disputar a clasificación final coas mesmas normas da clasificatoria.

Unha vez rematada a final do Speed&style, abrirase o circuío durante aproximadamente 20 minutos para todos os corredores (non clasificados incluídos) para participar no premio do best trick, que consiste no mellor truco da tarde no salto de meta. Para este premio solo se terán en conta os trucos executados nas mangas finais ou no tempo de circuío aberto.

4. XURADO.

Debido a que esta proba é totalmente exclusiva, allea a calquera torneo ou regulamento de ningunha federación ciclista, o xurado da mesma será composto por especialistas designados pola organización do evento, tanto no que respecta á cronometraxe como ós xuices que puntuarán os trucos.

Polo tanto, calquer membro da organización da proba ten potestade para ser xuíz, árbitro, ou para penalizar a calquera participante.

5. EQUIPAMENTO.

- Poderase competir con calquera bicicleta mountain bike ou BMX, que estea nun estado que cumpra os requisitos de seguridade do/da participante. Corresponderanlle á organización as decisións sobre este aspecto.
- O casco será obrigatorio e recoméndase a maior protección posible (casco integral, proteccións para xeonllos, cóbados, etc.)

6. PREMIOS.

FINAL:

- 1º 300 euros
- 2º 150 euros
- 3º 50 euros

PREMIO ESPECIAL BEST TRICK: 150 euros

7. PENALIZACIONES.

Será penalizable polos organizadores do evento calquera mal uso do circuío, mal comportamento, falta de respecto ou calquera actitude que non cumpla as regras, xa sexa descalificando o participante nalgunha das mangas de baixada ou a descalificación total da proba.

Os cartos da inscrición non serán retornables en ningún caso, xa sexa por descalificación, ausencia, lesión, impuntualidade, etc.)